



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

PREGO DE BASES QUE REXERÁ O CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A ORDENACIÓN URBANÍSTICA DO ÁMBITO DA PANIFICADORA E ADXUDICACIÓN DOS TRABALLOS DE MODIFICACIÓN DO PEPRI DO CASCO VELLO

PROMOTOR E SECRETARÍA DO CONCURSO

Quen promove o concurso é a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. A Xefatura de Barrios Históricos asumirá as funcións de secretaría do concurso; os seus datos de contacto son:

Secretaría do Concurso de Ideas para a Ordenación da Área da Panificadora

Xefatura de Barrios Históricos

Xerencia Municipal de Urbanismo

Praza do Rei, nº. 2

36202 – Vigo

Teléfono: 986.810.100 – 986.810.334 extensión: 2334

Fax: 986.220.127

1. ANTECEDENTES

O día 12.04.2007, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo no que se inclúe unha peza de solo urbano cunha ficha nomeada Área de Convenio Panificadora. Así mesmo se inclúe a zona comprendida entre a Panificadora e a praza do Rei onde se sitúan a Área Dotacional 2, a Área de Rehabilitación prioritaria ARP-1 e os soares correspondentes á rúa Santiago nº. 37, 39, 41, 43, 45 e 47.

O ámbito ao que se refire o presente concurso correspóndese cos terreos onde se sitúa a antiga fábrica de “Compañía Viguesa de Panificación S.A.” coñecida como “A Panificadora”, limitado polas rúas Santiago polo leste, Cachamuíña polo sur, Falperra polo oeste e por terreos posteriores ao paseo de Afonso XII polo norte. Así mesmo, inclúense no ámbito os terreos lindeiros cos anteriores polo leste, situados entre a rúa Santiago e praza do Rei.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

O conxunto da Panificadora ten un grande interese pola súa singularidade, como elemento de gran representatividade dentro do patrimonio arquitectónico industrial de Galicia e da cidade de Vigo en particular, onde quedan poucos exemplos dun tecido industrial en desaparición, coa escala e localización que ten a Panificadora, ofrecendo estas parcelas unha oportunidade única para o desenvolvemento de determinados usos dentro da cidade consolidada e a posibilidade de rematar o conxunto cara á praza do Rei.

É por iso, que o Concello de Vigo debe intervir nunha actuación que, pola súa situación e interese, procura dunha intervención inmediata nun espazo cualificado como estratéxico, sen prexuízo do significado que para a cidadanía ten o inmovible e isto co obxectivo básico de acadar unha ordenación baseada no respecto máximo ás edificacións e a implantación de usos dotacionais de carácter público ou privado.

2. OBXECTO DO CONCURSO

O presente concurso de ideas ten por obxecto a selección, polo xurado, da proposta de ordenación que pola súa calidade poida servir de base para a elaboración do plano que recolla a ordenación urbanística detallada da área delimitada pola Panificadora e polos terreos lindeiros do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo.

Ao gañador do concurso, ademais do premio sinalado na Base 7, adxudicáranselle os traballos de redacción do instrumento de planeamento que fose necesario para dotar ao ámbito da ordenación detallada que faga posible o desenvolvemento dunha proposta arquitectónica singular, para o que se abrirá un procedemento negociado no que o gañador será o invitado, consonte ao disposto no artigo 174 do TRLCSP. Non obstante, no caso de que o gañador non acreditase a solvencia necesaria ou formulase renuncia a entidade que convoca poderá adxudicar a redacción da proposta gañadora coa única limitación do establecido na lexislación vixente.

A proposta de ordenación deberá respectar a normativa sectorial e ambiental aplicable.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

Do mesmo xeito, as propostas de ordenación deberán garantir a accesibilidade do ámbito no seu conxunto, a permeabilidade deste co exterior e os estándares de sustentabilidade, calidade de vida e cohesión social.

Dada a singular relevancia das construcións que compoñen o conxunto da Panificadora, é preciso que as ordenacións presentadas teñan en conta o necesario equilibrio entre o respecto polos valores existentes no ámbito e a formulación de propostas innovadoras que permitan obter novos espazos de oportunidade para a sociedade viguesa actual e futura.

Cada participante deberá determinar as construcións a conservar e o grao de catalogación que, no seu caso, proceda. Do mesmo xeito, poderá incorporar elementos novos ou anexos, tanto para dar contido ao proxecto como para permitir a súa integración co contorno, en particular, cara á praza do Rei.

Na procura da solución urbanística máis adecuada para o ámbito a ordenar, considerando tamén os espazos de tránsito existentes na devandita actuación ata a praza do Rei, a ordenación proposta deberá integrar, de forma determinante, unha planificación dos usos urbanísticos que resulte adecuada para que o proxecto sexa sostible.

Desta forma, de cara á configuración do réxime de usos posibles deben considerarse os distintos destinos que seguidamente se expoñen e que se entenden idóneos para a funcionalidade e posta en valor desta peza, así como para a satisfacción do interese xeral. Consecuentemente, os concursantes deberán dotar ás solucións propostas da versatilidade e flexibilidade suficiente como para que, no seu momento, calquera deles poda ter cabida e integrarse cos demais da mellor forma posible.

Neste senso, cómpre salientar que o Concello de Vigo precisa dende hai anos, unha gran dotación pública para satisfacer as necesidades culturais e sociais da cidadanía viguesa; un espazo no que situar un gran contedor, como a Biblioteca Pública do Estado na cidade. O contorno da



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

Panificadora considérase un espazo idóneo para a súa implantación, tanto polo seu vínculo co pasado industrial das cidades como pola centralidade urbana do ámbito.

Por outra banda, e toda vez que a colaboración entre o Concello de Vigo e a Zona Franca resulta fundamental para a execución do proxectado, é preciso que a proposta permita obter espazos nos que localizar usos de *co-working*, emprendemento, oficinas, Centro de Innovación Gastronómica, centros tecnolóxicos, espazos para o emprendemento e a creatividade, así como actividades que poidan resultar tractoras da economía de Vigo e que proporcionen utilidade e dinamismo ao dito contorno.

E, para unha adecuada complementariedade dos usos previstos, a ordenación promoverá a obtención de espazos libres públicos ao tempo que permitirá compatibilizar os usos maioritarios coas actividades comerciais e terciarias necesarias para lles dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

O deseño dos espazos deberá garantir, en definitiva, a rendibilidade social do proxecto e a súa sustentabilidade.

Ademais, a realidade urbana na que se inserta a actuación, precisa de ideas que permitan a mellor integración da Casa do Concello, a praza do Rei e o contorno da Panificadora, a resolución das diferenzas de cota, a mellora da accesibilidade peonil e o favorecemento dun espazo humanizado que integre o existente dende unha visión ampla.

Por iso, o obxecto do presente concurso é seleccionar, a xuízo do xurado, a idea, desenvolvida como borrador de plan, que sirva de base para a redacción do planeamento especial preciso e do correspondente proxecto técnico.

3. CONDICIONANTES BÁSICOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA

Correspóndense co que a seguir se detalla:

3.1 – Superficie e edificabilidade máximas



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

O ámbito da Panificadora consta dunha superficie construída (edificabilidade) de 10.456 m² na que está incluída unha superficie de 7.026 m² pertencente á parcela da nomeada Panificadora Viguesa, dividida nun total de 71 predios catastrais.

No Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo, a Área Dotacional 2 inclúe un aproveitamento de 1.563,44 m² e unha superficie de 850,33 m². Así mesmo se inclúen as parcelas da rúa Santiago nº. 37 a 47, que contan cun aproveitamento total de 769,31 m² e unha superficie de 446,37 m², cuxas edificacións non figuran no catálogo do plan especial.

A ARP-1 conta cunha superficie total de 610,93 m² e un aproveitamento de 1.094,96 m² e as edificacións que o ámbito abrangue non están catalogadas polo Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo.

| |
|---|
| EDIFICABILIDADE TOTAL MÁXIMA DO ÁMBITO: $10.456 + 769,31 + 1.563,44 + 1.094,96 = 13.883,71 \text{ m}^2$ |
|---|

| |
|---|
| SUPERFICIE TOTAL DO ÁMBITO: $7.026 + 850,33 + 446,37 + 610,93 + 328 = 9.261,63 \text{ m}^2$ |
|---|

O aproveitamento resultante da actuación poderá ampliarse en función das necesidades de deseño e integración de espazos debidamente xustificadas no proxecto coa debida adaptación ao ambiente da zona e harmonización cos criterios de protección do conxunto histórico.

3.2 – Descrición dos elementos independentes da Panificadora

O edificio orixinal foi erixido segundo o proxecto do arquitecto Manuel Gómez Román no ano 1923, e intervención dos enxeñeiros Otto Werner e Jorge Buch. Nos anos 30 ampliouse coa construción dun muíño, seis silos máis e almacéns, e nos anos 60 engadiuse unha fábrica de pensos e locais comerciais:

1 – Edificio central

O volume ordénase en tres coxías, con estrutura perimetral de muros de carga de pedra nas plantas inferiores e de fábricas nas tres últimas. A edificación, cunha planta de 60 metros de longo



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

por 17 metros de ancho, estrutúrase en tres niveis. As últimas tres plantas ocupábanse da selección, da mestura e da moenda do gran; os forxados e as escaleiras de estrutura son de madeira.

2 – Obradoiros – Edificio almacén

O edificio estrutúrase con base a dous diferentes niveis (cotas +53,40 e + 58, respectivamente), rematado cunha cuberta plana asolagada. A estrutura vertical é mesturada de muros laterais de cantería e piares centrais de formigón armado. No nivel superior, a través de dous corredores elevados, prodúcese unha comunicación co volume dos muíños.

3 – Edificio da rúa Falperra

Conformado por unha edificación de nove metros de ancho, estruturado en dúas coxías, fachada de cantería modulada a catro metros, cuberta con cerchas de formigón pretensado e tellas. O volume posúe un almacén, así como unha zona central con silos metálicos para mestura automática de fariñas.

4 – Os obradoiros e as construcións na rúa Santiago

Son construcións de baixa altura e deficiente estado de conservación, encostadas á aliñación da rúa de Santiago, como talleres de apoio a actividade da fábrica e pequenas vivendas de planta baixa.

5 - O Botiquín

Trátase dun corpo de planta cadrada elevada sobre piares de formigón e con acceso a través dunha escaleira exterior. Foi construído nos anos 60 do século pasado (no plano de 1950 non figura). A súa posición interrompe a “fiestra” visual entre os silos e o edificio principal e a conexión física, e a escaleira, que existía entre o Paseo de Afonso e a parte alta da parcela.

6 - Os silos

Distribuídos en dous grupos de catro (2+2) e seis (3+3), construíronse con encofrado deslizante en formigón armado dun espesor aproximado de 10 cm.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

Os catro primeiros, de forma cilíndrica con diámetro exterior de 5,15 metros, con núcleo de base e outro de control superior de cotas +48 metros e + 70 metros, respectivamente. O inferior é de chegada de gran, partindo del unha cinta transportadora que o distribúe. Entre os catro silos circulaba un ascensor de planta triangular e enreixado metálico que comunica coa plataforma superior, na que se sitúa un dobre espazo cunha torre de maquinaria, sobre a que se encontra unha terraza-miradoiro. Os seis silos restantes, de planta oval, con diámetros de 5,15 metros e 5,85 metros posúen, como cuberta, unha lousa inclinada de formigón armado. Existen dúas comunicacións co volume principal: unha nun nivel inferior baixo túnel e outra a nivel superior a través dunha pasarela.

Para o cumprimento dos obxectivos do presente concurso para a protección, divulgación e posta-en valor da área da Panificadora é preciso establecer uns criterios de catalogación dos seus elementos.

3.3 – Zona B. Grupo de edificacións entre a rúa Santiago, o canellón do Estreito, a praza do Rei e Cachamuíña

Son 13 as construcións situadas linealmente ao carón da rúa Santiago, que ocupan o espazo en desnivel entre esta rúa e a praza do Rei, todas elas domésticas, de entre dous ou tres plantas, algunhas en estado case ruinoso.

Na cartografía histórica pode apreciarse a típica construción en borde de camiño de saída da cidade amurallada, que constitúe un pequeno arrabalde de extramuros.

Nesta zona poderán formularse diferentes usos e actuacións sempre que se garanta a accesibilidade ao contorno da Panificadora e da rúa Santiago, a visibilidade do conxunto para preservar e a xeración de máis espazo libre público.

3.4 - Usos

Os concursantes establecerán na súa proposta os usos, que poderán ser públicos ou privados, e han procurar que a parcela da Panificadora teña un destino como dotación pública que permita satisfacer as necesidades colectivas da cidade de Vigo e implantar nela usos e servizos



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

complementarios, polo que ese obxectivo deberá orientar a ordenación proposta. Nada obsta que, partindo desa buscada titularidade pública, o uso principal que se propoña conviva con outros igualmente ao servizo do público, tales como hostalaría, artesanía, oficinas e residenciais.

4. TIPO DE CONCURSO

Trátase dun concurso de ideas con xurado, público, aberto e anónimo. O nivel de definición mínimo das propostas será o de borrador de plan, dotado do contido necesario para a súa análise urbanística e que ha incluír alzados, plantas e perspectivas da solución proposta.

A modalidade será a prevista no artigo 184.2 letra a) do TRLCSP de concurso de proxecto organizados no marco dun procedemento de adjudicación dun contrato de servizos.

5. DESTINATARIOS DO CONCURSO

Considerando que o concurso ten por obxecto a selección da idea que posteriormente conformará a proposta de planeamento urbanístico a tramitar como modificación do PEPRI do Casco Vello no ámbito da Panificadora e que dote de ordenación detallada a esta singular área da cidade de Vigo, poderán concorrer ao concurso as persoas naturais que estean en posesión de titulación, legalmente recoñecida en territorio español, que as habilite para a elaboración de instrumentos de planeamento e que contén con capacidade para contratar e demais condicións de aptitude legalmente previstas para contratar co sector público.

Poderán tamén ser concursantes os equipos de profesionais ou persoas xurídicas cuxos fins sociais se correspondan co obxecto do concurso. Deberán designar un/unha director/a que actuará como representante deste e que deberá reunir os requisitos de titulación sinalados no apartado anterior.

Os participantes a título individual e os responsables dos equipos ou empresas participantes deberán estar en posesión de todos os requisitos e habilitacións profesionais, colexiais, fiscais, administrativas e laborais esixidas polo ordenamento xurídico español.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

Admítese a participación de agrupacións de profesionais ou de empresas que adopten a forma de unión temporal de empresas ou profesionais (UTE) de acordo co artigo 59 da TRLCSP. Neste caso deberán achegar un compromiso de unión que manterá durante a vixencia do concurso e designar a persoa que asumirá a representación fronte á entidade que convoca, quen deberá contar coa titulación necesaria para ser concursante.

Cada profesional só poderá formar parte dun único equipo, ben sexa como titular ben como colaborador. Cada participante ou equipo poderá presentar unha única proposta. O incumprimento deste punto dará lugar á descualificación de todas as propostas que presente ou das que forme parte.

Non poderán participar no concurso nin como participantes titulares nin como membros de equipos, as persoas que estean comprendidas nalgún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación de aplicación e, concretamente:

- Membros do xurado
- Quen manteña cos anteriores relacións de parentesco dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade
- Que se encontre asociado ou manteña relacións de servizo ou colaboración profesional cos membros do xurado ou a tivera nos dous últimos anos
- Funcionariado ou persoal ao servizo do Concello de Vigo ou da Xerencia Municipal de Urbanismo
- Quen concorra nalgunha das causas de prohibición para contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP.

Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado no período do concurso.

Para acreditar estes extremos, os participantes deberán presentar unha declaración responsable na que conste que non están incursas en ningunha desas circunstancias (anexo II).



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

6. XURADO

O órgano de contratación é o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O xurado será o órgano responsable de avaliar e clasificar as propostas presentadas a fin de determinar aquela que estime máis acaída aos fins obxecto de licitación, de acordo cos criterios de avaliación expostos na base 6.3. Unha vez recaído o faio, o elevará ao órgano de contratación para a súa aprobación e resolución do concurso de ideas.

As actuacións do xurado axustaranse aos contidos do presente prego de bases e supletoriamente ao disposto no TRLCSP e normativa xeral de aplicación ao funcionamento dos órganos colexiados.

6.1 Composición e funcións

De acordo co disposto nos artigos 184 a 188 e 323 do TRLCSP, o xurado estará composto polos seguintes membros:

- Presidencia: vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ou concelleiro/a en quen delegue
 - Vogais
- Interventor da Xerencia Municipal de Urbanismo ou funcionario/a en quen delegue
 - Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo ou funcionario/a en quen delegue.
 - Concelleiro de Facenda do Concello de Vigo ou concelleiro/a en quen delegue
 - Xerente de Urbanismo do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue
 - Dúas/dous técnicas/os designadas/os polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, ou os/as seus/súas suplentes
 - Dúas/dous arquitectas/os designadas/os pola Xerencia Municipal de Urbanismo, ou os/as seus/súas suplentes
 - Un/unha técnico/a designado/a pola Dirección Xeral de Patrimonio cultural, ou o/a seu/súa suplente
 - Un/unha técnico/a designado/a pola Secretaría Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio, ou o/a seu/súa suplente



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

- Dúas/dous arquitectas/os designadas/os polo COAG, ou seus/súas suplentes
- Un/unha técnico/a designado/a pola Área de Patrimonio do Concello de Vigo, ou seu/súa suplente
- Un/unha técnico/a elixido/a por proposta dos concursantes que deberá contar coa titulación esixida para ser participante, ou seu/súa suplente
- Secretaría: a persoa titular dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo ou funcionario/a en quen delegue

Corresponderalle á Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo nomear aos/ás arquitectos/as cuxa designación corresponda ao dito órgano de contratación.

O/a secretario/a do xurado actuará con voz e sen voto e redactará acta de todas as sesións que realice o xurado.

Os suplentes dos membros elixidos por entidades públicas serán designados por quen corresponda nomear ao titular. No caso do técnico elixido polos concursantes, en caso de suplencia, acudirase ao seguinte máis votado.

Os membros do xurado percibirán as indemnizacións que correspondan de conformidade coa normativa vixente.

Unha vez nomeado o xurado do concurso, publicarase a súa composición definitiva no perfil do contratante da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Serán **funcións do xurado**:

- A análise da documentación e a admisión definitiva dos traballos recibidos
- A proposta razoada de exclusión dos traballos non admitidos, que se recollerá en acta
- A análise das propostas e valoración; poderán solicitar os asesoramentos oportunos
- A vixilancia e cumprimento do anonimato na documentación presentada ata que o xurado emita ditame para propor gañador



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

- A emisión dunha acta, asinada por todos os membros, na que conste a clasificación das propostas presentadas, consonte cos méritos de cada unha
- O ditame ou proposta de adxudicación ao órgano de contratación; decisión que será razoada.

Dada a complexidade técnica das tarefas que desenvolverá o xurado, para levar a cabo un adecuado cumprimento das súas funcións, estará asistido por unha comisión administrativa e unha comisión técnica que o auxiliará na organización e toma de decisións. Estas comisións poderán reunirse cantas veces consideren necesario para levar a cabo as súas funcións.

A **comisión administrativa** estará integrada polos seguintes membros:

- Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo ou funcionario/a en quen delegue
- O Interventor da Xerencia Municipal de Urbanismo ou funcionario/a en quen delegue
- A persoa titular dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo ou funcionario/a en quen delegue

A **comisión técnica** estará integrada polos seguintes membros do xurado:

- Xerente de Urbanismo do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue
- Un/unha técnico/a designado/a polo Consorcio da Zona Franca de Vigo ou o/a seu/súa suplente
- Dúas/dous arquitectas/os designadas/os pola Xerencia Municipal de Urbanismo ou os/as seus/súas suplentes
- Un/unha técnico/a designada/o pola Área de Patrimonio do Concello de Vigo ou o/a seu/súa suplente
- Un/unha técnico/a designado/a pola Dirección Xeral de Patrimonio cultural ou o/a seu/súa suplente
- Un/unha técnico/a designado/a pola Secretaría Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio ou o/a seu/súa suplente
- Dúas/dous arquitectas/os designadas/os polo COAG ou os/as seus/súas suplentes
- Un/unha técnico/a elixido/a por proposta dos concursantes que deberá contar coa titulación esixida para ser participante ou o/a seu/súa suplente



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

Un/unha dos/as arquitectos/as designados/as pola Xerencia Municipal de Urbanismo realizará, ademais, as funcións de secretaría da comisión técnica.

Calquera dos membros do xurado poderá asistir ás reunións da comisión técnica.

O secretario do xurado será o membro encargado de lles comunicar aos demais compoñentes do xurado, mediante correo electrónico e cunha antelación mínima de 48 horas, os lugares e datas nas que se realizarán as reunións.

6.2. Constitución, procedemento e acordos

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión administrativa redactará acta de recepción dos traballos, na que se consignará o número de traballos recibidos e asignaralles un número de orde. Comprobará que todas as propostas tiveron entrada no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo dentro do prazo establecido nas presentes bases e, noutro caso, farao constar na acta que estenda para a súa non admisión polo xurado.

A continuación, recompilará os SOBRES A para a súa custodia ata que finalice a avaliación das propostas, separará os SOBRES B para a súa entrega ao xurado e procederá á apertura dos SOBRES C nos que deberá constar a identificación do membro do xurado posposto polos concursantes. O/a técnico/a proposto/a con maior número de votos será a persoa seleccionada. En caso de empate, resolverase por sorteo. Notificaráselle o resultado ao técnico ou técnica que resulte como proposto/a polos concursantes a fin de que manfeste a súa aceptación no prazo de tres días hábiles e se así non o fixese ou non puidese formar parte do xurado, será elixido/a o/a seguinte que conte con maior número de votos. Os empates resolveranse por sorteo. De non aceptar ningún candidato, será elixido pola presidencia.

A composición definitiva do xurado publicarase no perfil do contratante, logo do que, convocase o dito órgano para a primeira reunión. As convocatorias serán realizadas pola persoa que realice as funcións da secretaría e cunha antelación mínima de 48 horas.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

Entenderase validamente constituído sempre que asistan presidente/a, secretario/a, o Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, o Interventor da Xerencia Municipal de Urbanismo e a metade dos restantes membros.

Constituído o xurado, o secretario dará conta das propostas presentadas e, de algunha estiver presentada fóra de prazo, acordarase a súa non admisión. Seguidamente, o xurado entregará os SOBRES B aos membros integrantes da comisión técnica para que avalíen as propostas de acordo coas presentes bases, para o que se reunirá tantas veces estime necesario.

A comisión técnica acordará un procedemento de selección de propostas acorde á cantidade e calidade dos traballos presentados. Posteriormente, avaliará as propostas seleccionadas.

A avaliación realizada pola comisión técnica deberá figurar nun informe motivado e subscrito pola totalidade dos seus membros no que se expresará a puntuación total acadada polos traballos seleccionados e no que os membros poderán expresar as suxestións que consideren convenientes. O/a Secretario/a do xurado remitirá este informe ao xurado para a súa consideración e, no seu caso, aprobación.

A decisión do xurado deberá ser motivada e poderá declarar o concurso deserto se ningunha das propostas é viable ou non acada os mínimos niveis de calidade.

6.3. Facultades e criterios de avaliación

Os criterios considerados para a determinación da proposta gañadora, tendo en conta as finalidades da actuación pública que motiva a iniciativa municipal referidas no apartado 2 do presente prego e que deben motivar tamén a resolución deste concurso, son os seguintes:

A) A calidade e funcionalidade da proposta



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

Avaliarase preferentemente a coherencia e creatividade da proposta. Considerarase, en particular, o grao de integración, relación e mellora da ordenación dos espazos considerados co seu contorno, xunto coa solución urbanísticas dos espazos de tránsito da devandita actuación ata a praza do Rei. O resultado final deberá posibilitar a consecución dunha peza urbana que achegue valor ao conxunto da ordenación da cidade, de aí que se valoren propostas que produzan espazos e tipos arquitectónicos que reflectan con éxito as necesidades do proxecto urbano ideado e a súa accesibilidade. Así mesmo, avaliaranse preferentemente as propostas que impliquen unha maior sensibilidade cara ao patrimonio cultural e consigan o mellor equilibrio entre as intervencións posibles e a preservación dos elementos merecentes de protección, así como as que integren os aspectos ambientais na ordenación, caso, por exemplo, das que acaden o menor e máis eficiente consumo dos recursos naturais.

A puntuación máxima deste apartado será de 60 puntos sobre 100.

B) Viabilidade económica.

Avaliaranse preferentemente as propostas que presenten unha maior viabilidade económica e que impliquen menores impactos nas facendas públicas e/ou que acaden fórmulas máis sostibles do gasto público, considerando, en ambos os dous supostos, que se trata de obter coa ordenación, dotacións e espazos públicos de calidade.

A puntuación máxima deste apartado será de 20 puntos sobre 100.

C) Nivel de desenvolvemento da proposta

Avaliaranse as propostas, acreditado un nivel de calidade suficiente, considerando o maior grao de desenvolvemento alcanzado, a lexibilidade da solución dada, a menor complexidade da consecución dos obxectivos dende o punto de vista temporal e da súa xestión e o maior entendemento do ámbito.

A puntuación máxima deste apartado será de 20 puntos sobre 100.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

7.- PREMIO

O premio será de cincuenta mil euros (50.000 euros) e o encargo da redacción da Modificación do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo, que inclúe a elaboración da documentación técnica requirida durante todas as fases da súa tramitación, que comprende tamén o documento inicial estratéxico e mais o de avaliación ambiental estratéxica (de ser este necesario). O prezo do contrato de redacción, cos documentos relacionados, será de 74.657 euros (incluído IVE).

8. RESULTADO DO CONCURSO

O resultado do concurso de ideas comunicarase mediante acto público no que se abrirá o SOBRE A do/a premiado/a, no que figura a súa identidade. O lugar e data deste acto así como o nome do/a premiado/a anunciarase no perfil do contratante. Notificarse o resultado do concurso a todos os participantes.

O pagamento do premio levarase a cabo mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo/a concursante.

De acordo co sinalado na base 2 outorgáselle ao/á gañador/a o dereito a optar á adxudicación, polo procedemento negociado previsto no artigo 174 d) do TRLCSP, dun contrato consistente na redacción do planeamento urbanístico no que se conteña a ordenación do ámbito da Panificadora do Casco Vello de Vigo, en misión completa, o que inclúe a elaboración de toda a documentación necesaria, incluída a de carácter ambiental, para a tramitación da proposta de planeamento urbanístico. Para este efecto, no prazo dos dez días seguintes á notificación da resolución do concurso, requirirase o/a gañador/a para a firma do contrato de redacción do plan que forma parte do premio.

A adxudicación do contrato quedará condicionada á comprobación de que a documentación esixida neste prego sexa correcta e se acrediten os requisitos de capacidade e solvencia para contratar coa Administración a que se refiren os artigos 54 e ss TRLCSP e demais requisitos dos



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

concurstantes sinalados nestas bases. Noutro caso, a Administración, propietaria da proposta gañadora e da documentación aportada polo participante, terá liberdade para licitar a redacción do instrumento de planeamento sobre a base da proposta gañadora.

Esta comprobación será realizada pola comisión administrativa que se reunirá despois do acto público arriba citado.

Se se observaran defectos ou omisións corrixibles na documentación administrativa presentada, a comisión administrativa o comunicara aos interesados para que procedan a súa emenda no prazo máximo de tres días hábiles a partir do seguinte a súa notificación.

O importe do premio en metálico percibido polo gañador do concurso será independente dos honorarios de redacción da proposta de planeamento urbanístico.

O importe máximo previsto para o contrato de redacción da proposta de planeamento urbanístico que se deriva deste concurso, en concepto de honorarios, será de 74.657 euros, IVE incluído.

9. PARTIDA ORZAMENTARIA

O importe do premio e custos derivados do concurso de ideas será pagado con cargo á aplicación 1510.22706000 do orzamento do exercicio 2016.

10. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO E PRAZOS

O concurso desenvolverase de acordo co seguinte:

10.1. Convocatoria



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

A convocatoria realizarase no *Boletín Oficial da Provincia*, no *Diario Oficial de Galicia* e no perfil do contratante.

10.2. Retirada das bases e documentación. Consultas.

As bases deste concurso de ideas poderán obterse no perfil do contratante da Xerencia Municipal de Urbanismo, a partir do día seguinte á primeira das publicacións da convocatoria que teña lugar no *Boletín Oficial da Provincia* ou no *Diario Oficial de Galicia*:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/index.jsp?id=3&lang=gal>

O prazo de presentación das solicitudes será de 45 días contados a partir do seguinte á data da última publicación prevista destas Bases (BOP, DOGA e perfil do contratante). Durante o prazo de trinta días contado dende a última das publicacións que teña lugar, poderán formularse consultas á Secretaría do concurso; dirixiranse ao seguinte enderezo electrónico: concha.cameselle@vigo.org. Todas as consultas formuladas por esta vía, así como as respostas dadas pola entidade que convoca, serán publicadas no perfil do contratante preservando o anonimato das e dos interesados. A lista de preguntas e respostas publicada, que serán vinculantes, será facilitada a todos os membros do xurado no momento da súa constitución.

10.3. Lugar, forma e prazo de presentación

Os traballos presentados deberán garantir o anonimato de conformidade co previsto nas presentes bases.

A documentación presentarase nun sobre/paquete pechado que terá o seguinte título: “Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora”, e que non poderá estar identificado de forma ningunha, de xeito tal que quede preservado o anonimato.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

O sobre/paquete, que se presentará en embalaxe opaco e pechado, conterá tres sobres pechados: A, B e C, coa seguinte rotulación exterior:

SOBRE A

Rotulación exterior:

- *Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora*

- *Sobre A*
- *Documentación administrativa do concursante*

SOBRE B

Rotulación exterior:

- *Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora*
- *Sobre B*
- *Documentación da proposta de ordenación urbanística*

SOBRE C

Rotulación exterior:

- *Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora*
- *Sobre C*
- *Proposta de técnico/a como membro do xurado: anexo IV*



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

As propostas entregaranse na Oficina de Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo sita na praza do Rei, nº. 2, en Vigo.

Aceptarase tamén a súa presentación por correo postal. Neste caso, o/a concursante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e comunicarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax, burofax ou telegrama no mesmo día, sen que nin no envío nin na comunicación poida constar dato ningún que vulnere o anonimato da candidatura, en caso contrario será rexeitada. Non se admitirá candidatura ningunha que non acredite o prazo de imposición do envío. Cando transcorran dez días naturais dende que a presentación fose comunicada sen que esta fose recibida, non será admitida a proposición.

A presentación presencial deberá realizarse por unha persoa que non sexa nin concursante nin membro do equipo. No caso de presentación a través do servizo de Correos, o concursante deberá advertirles aos responsables do envío que non poderá figurar nos sobres ou paquetes: selo, ficha adhesiva ou identificador ningún co nome do/da remitente.

O prazo de presentación será o consignado no anuncio de convocatoria publicado no *Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia*, finalizando o prazo de recepción ás 14:00 h, tanto para as candidaturas presentadas no rexistro xeral como ás enviadas por servizo postal.

Quedarán excluídas do concurso as propostas que vulneren, por calquera medio, o requisito do anonimato, polo que a única documentación de identificación do/a concursante ou dos membros do equipo concursante deberá figurar no interior do SOBRE A.

Serán causas de exclusión:

- a) A entrega da documentación fóra dos prazos conferidos
- b) O incumprimento dalgunha das bases



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

- c) A insuficiencia de documentación para a adecuada valoración das propostas
- d) O quebrantamento do anonimato ou das normas de presentación
- e) A presentación de traballos xa publicados ou divulgados. Só se admitirán traballos da autoría orixinal do concursante.

11. CONTIDO DOCUMENTAL

11.1. Contido do SOBRE A

- a) Solicitude de participación conforme ao modelo do anexo I

O/a concursante deberá indicar de forma expresa se, no caso de non resultar premiado/a, prefire permanecer no anonimato tanto nunha eventual exposición pública dos traballos presentados como na súa posible publicación. A ausencia deste dato será interpretado como que o/a autor/a non desexa conservar o anonimato. O traballo premiado non poderá conservar o anonimato aínda que se solicitase expresamente.

- b) Documentación acreditativa da personalidade do/da concursante e, no seu caso, a súa representación na forma seguinte:

- Documento nacional de identidade, cando se trate de persoas ou empresarios/as individuais. Se se trata de persoas xurídicas, deberán presentar escrituras de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme coa lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non o ser, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial que sexa preceptivo. Acompañarase copia autenticada do CIF.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

- Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación perante o órgano de contratación, achegarse o poder notarial para representar a persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a administración actuante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos que a dita inscrición sexa esixida polo lexislación mercantil. O poder deberá estar debidamente validado polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo.

As empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no anexo I do RGLCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, no que se faga constar que figuran inscritos no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan de xeito cotián no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado de orixe admite, a súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa administración, na forma substancialmente análoga.

En todo caso, as empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias) deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional que puidese corresponderlle á/ao concursante.

- Para o caso de concorrer varias persoas físicas ou xurídicas constituíndo unha unión temporal, de conformidade co previsto no artigo 59 do TRLCSP, cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, con indicación dos nomes e circunstancias dos concursantes que a subscriban, a porcentaxe de participación de cada unha delas e o compromiso de constituírse



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar beneficiario coa adxudicación dalgún dos premios obxecto do concurso, así como a designación dunha ou dun representante ou apoderado único da unión con poder bastante para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción.

Non será necesaria a formalización da unión en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

Se a presentación fose individual, presentando un equipo de colaboradores, deberá facerse contar o alcance do compromiso e a aceptación de cada un dos membros que o compoñen.

c) Outra documentación preceptiva:

1. Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, emitida ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RGLCAP, que acredite que se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

2. Certificado expedido pola Axencia Tributaria de Galicia na que conste que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma.

3. Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, emitida ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RGLCAP, que acredite que a/o concursante se encontra ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.

4. Documento que acredite estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas, mediante presentación do alta, referido ao exercicio corrente ou do último recibo do IAE completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar o alta no imposto, no suposto de encontrarse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha certificación de exención,



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

outorgada polo órgano competente ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) da citada lei.

O órgano convocante comprobará que o concursante está ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

d) Solvencia económica e financeira.

Os concursantes deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira conforme co especificado no artigo 75 da TRLCSP

Nas unións temporais de empresas cada un dos que a compoñen deberá acreditar a súa capacidade e solvencia, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da UTE, as características acreditadas para cada un dos integrantes desta.

e) Solvencia técnica e profesional:

Os concursantes deberán acreditar a súa solvencia técnica ou profesional conforme co especificado a continuación, de conformidade co disposto nos artigos 74 e seguintes do TRLCSP.

- O/a candidato/a deberá xustificar que está en posesión de título legalmente recoñecido en territorio español que o/a habilite para a elaboración de instrumentos de planeamento urbanístico, e, en caso de tratarse dunha persoa xurídica, os seus fins, obxecto ou ámbito de actividade, a teor do que dispoñan os seus estatutos ou regras fundacionais, son acordes ás prestacións que se esixen neste concurso de ideas.

A titulación esixida poderá acreditarse xuntando copia autenticada do título académico ou certificación do colexio profesional correspondente que acredite tal circunstancia.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

EXPEDIENTE N°: 1046/400

f) Certificación de entidade bancaria na que figure o/a titular e o número de conta bancaria para, no seu caso, o pagamento do correspondente premio.

g) Declaración responsable suscrita pola persoa que asine a proposición de ter plena capacidade de obrar e non estar incurso en prohibición de contratar, de conformidade co disposto no artigo 60 do TRLCSP, segundo o modelo que se achega no anexo II.

Os participantes que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou que presenten un certificado comunitario ou documento análogo de inscrición de conformidade co establecido no artigo 84 do TRLCSP, non estarán obrigados a presentar a documentación das circunstancias de aptitude para contratar que xa figuren acreditadas e actualizadas nos ditos rexistros (personalidade, capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así como a concorrencia ou non das prohibicións de contratar que deban constar nel), deberán presentar unicamente a certificación emitida polo Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou certificado comunitario de inscrición.

Os participantes que estean inscritos nos ditos rexistros deberán presentar unha declaración responsable de que as circunstancias da entidade que figuran no rexistro correspondente son exactas e non experimentaron variación de conformidade co disposto no artigo 146.3 do TRLCSP, segundo o modelo do anexo III.

Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá substituírse por unha declaración responsable outorgada perante unha autoridade xudicial.

Se da cualificación da documentación resultasen defectos ou omisións rectificables, comunicaranse por fax ou correo electrónico ao concursante, baixo apercibimento de exclusión definitiva se nun prazo máximo de tres días hábiles non procede á corrección dos defectos observados.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

11.2. Contido do SOBRE B

a) Memoria descritiva da solución proposta e esbozo. A memoria descritiva explicará as directrices fundamentais a partir das que, no caso de resultar gañador, elaborará o planeamento. Deberá expresar os obxectivos urbanísticos da ordenación e idoneidade da solución adoptada. O texto poderá acompañarse de esquemas e debuxos. Obrigatoriamente incluírase a distribución de superficies por usos e o seu carácter público ou privado. Incluírase unha análise dos elementos arquitectónicos presentes no ámbito dende o punto de vista do patrimonio cultural, a partir da que se realizará unha proposta de intervención/ protección e/ou catalogación.

A extensión máxima da memoria descritiva será de 10 páxinas.

b) Memoria xustificativa. A memoria xustificativa explicará, nun máximo de 10 páxinas, a viabilidade técnica, ambiental, económica e social da proposta.

c) Paneis: mínimo de tres paneis DIN A1 (ata un máximo de cinco) montados en taboleiros lixeiros de cartón pluma maquetados en posición vertical. Incluíranse todos os planos que o/a concursante considere necesario para a adecuada definición da proposta, sempre respectando o contido mínimo descrito nestas bases. Todos os planos indicarán a escala gráfica.

Admitíranse infografías, perspectivas ou calquera outra expresión gráfica que contribúa a explicar e comprender a proposta. Admitíranse fotografías de maquetas.

d) CD ou DVD que conteñan a documentación sinalada nas letras a), b) e c), cos seguintes condicionantes:

-A reprodución dos paneis farase a razón dun arquivo .pdf editable por cada un deles.

- A reprodución das memorias descritiva e xustificativa farase en formato .pdf e word.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

f) Planos de información e ordenación dos esquemas, vistas, seccións e detalles que se consideren e que, a xuízo dos concursantes, acheguen unha visión máis comprensible da proposta.

Todos os planos e debuxos deberán especificar a escala gráfica.

Non poderá figurar elemento ningún na documentación en formato papel ou electrónico que permita identificar os posibles participantes, nin individual nin colectivamente, prohibición que se estende á propiedade dos arquivos dixitais.

A administración poderá empregar estes arquivos para posibles publicacións ou para incorporalos a un único CD que será entregado a cada membro do xurado con anterioridade as súas deliberacións, para facilitar o seu traballo de exame e avaliación.

12. DOCUMENTOS ORIXINAIS E COPIAS

Rexerá o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13. IDIOMA

Todos os documentos presentados polos concursantes, así como as comunicacións que cursen coa administración, deberán presentarse en lingua galega ou castelá.

14. PROPIEDAD DOS TRABALLOS

A documentación técnica, memorias e anexos, pregos, debuxos, esquemas, planos, estudos e orzamentos, así como calquera outra documentación que o/a participante presente para a xustificación e exposición da súa proposta, deberán ser da autoría orixinal do/da concursante. Todos



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

EXPEDIENTE N°: 1046/400

os concursantes responsabilízanse do cumprimento da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual, así como das consecuencias da súa vulneración, da que non responderá en ningún caso a administración.

Toda a documentación presentada polo concursante para o traballo que resulte premiado será propiedade do Concello de Vigo a quen o participante cederá, en exclusiva, os dereitos de explotación segundo a normativa de propiedade intelectual.

O Concello de Vigo poderá, logo da decisión do xurado, realizar unha exposición ou editar publicacións que inclúan o traballo premiado, sen necesidade de autorización previa dos autores. As demais propostas non premiadas poderán igualmente publicarse ou expoñerse, conservando o anonimato no caso de que os participantes así o manifesten.

Toda a documentación admitida no concurso quedará en poder da Xerencia Municipal de Urbanismo, que poderá devolvérllela aos concursantes ou destruíla no caso de que estes non procedan a súa retirada no prazo que se consigne para o efecto.

15. OBRIGAS DOS CONCURSANTES

A presentación a este concurso significa a aceptación sen reservas das presentes bases polos concursantes.

16. PUBLICIDADE

A licitación do concurso publicarase na forma prevista no artigo 142 do TRLCSP e os resultados na forma prevista no seu artigo 154, sen prexuízo do que poderán complementariamente empregarse outros medios ou soportes.

17. RÉXIME XURÍDICO E RECURSOS



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE N°: 1046/400

O presente concurso de ideas con intervención de xurado, desenvolverase consonte co previsto no presente prego de bases, nos artigos 184 a 188 e 323 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Trátase dun concurso aberto e anónimo que se encadra nos proxectos con intervención de xurado nos termos previstos no artigo 184, apartado 2, letra a) do TRLCSP e adxudicación posterior ao gañador do correspondente contrato de servizos para a redacción da modificación do PEPRI do Casco Vello que acolla a ordenación gañadora, consonte ao suposto contido no artigo 174 d) do TRLCSP.

No non regulado polo presente prego de bases, estarase ao disposto nas normas e disposicións reguladoras da contratación de servizos segundo as previsións do TRLCSP, do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público, así como ao disposto no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001 na parte que non se opoña as anteriores e demais disposicións vixentes en materia de contratación do sector público.

Rexerá así mesmo nesta materia, o disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As cuestións litixiosas que xurdan sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste concurso, serán resoltas, tras a audiencia do contratista, polo órgano de contratación.

18. PRAZO DE EXECUCIÓN. CRONOGRAMA DOS TRABALLOS

A asistencia técnica para desenvolver pola ou polo gañador do concurso, no marco do contrato de servizos, deberá desenvolverse conforme co seguinte programa:

1º.- PRAZO DE ENTREGA DO DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉXICO E O BORRADOR DE PLAN



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

EXPEDIENTE N°: 1046/400

Prazo de dous (2) meses a partir do requirimento realizado para o efecto unha vez adxudicado.

2º.- PRAZO DE ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN COMPLETA PARA APROBACIÓN INICIAL

Prazo de tres (3) meses a partir da entrega pola administración do informe ambiental estratéxico ou, de ser o caso, o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

3º.- PRAZO DE ENTREGA DO INFORME DE CONTESTACIÓN DAS ALEGACIÓNS E DOS INFORMES SECTORIAIS RECABADOS, ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO (de ser necesario) E REFORMAS DO DOCUMENTO APROBADO INICIALMENTE (inclúese a documentación referida no artigo 60.12 da LSGA, de ser necesaria).

Prazo de dous (2) meses dende a finalización do período de información pública e consultas (de ser necesarias), con entrega de certificación de alegacións, e dende que foran recabados os informes sectoriais a emitir por outras administracións (ou transcorreran os prazos de emisión), con entrega de copia dos recibidos.

A asistencia incluirá a elaboración dos documentos necesarios e de cantas rectificacións teñan que realizarse neles, con motivo dos informes emitidos ou das alegacións presentadas, para que poda aprobarse definitivamente a modificación do PEPRI do Casco Vello.

4º.- PRAZO DE ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

Un (1) mes dende a notificación do informe emitido ao abeiro do artigo 75.1 e) da LSGA, no caso de que, con motivo dese informe, tiveran que realizarse modificacións na documentación aprobada.

19. ANEXOS.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: prego de bases que rexerá o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello
EXPEDIENTE Nº: 1046/400

Anexo I. Modelo de solicitude de participación

Anexo II. Declaración responsable

Anexo III. Declaración responsable de inscrición e non variación

Anexo IV. Proposta de membro do xurado

Vigo, 25 de outubro de 2016

XERENTE DA XMU

Carlos Hernández Figueruelo





CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

**ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE DE
PARTICIPACIÓN**

Expte.: 1046/400

Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello de Vigo.

DATOS DO CONCURSANTE

Nome: _____ Apelidos: _____

DNI: _____ Teléfono: _____ Fax: _____

Correo electrónico: _____

Domicilio a efectos de notificacións: _____

(en caso de actuar en representación)

Representado:

Nome ou razón social:.....

NIF:..... Teléfono:..... Fax:.....

Correo electrónico:.....

Domicilio a efectos de notificacións:.....

Cargo que ocupa o representante:



MANIFESTA

A súa vontade de participar no **Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora, do PEPRI do Casco Vello de Vigo.**

E, DECLARA RESPONSABLEMENTE, estar en posesión dos orixinais da documentación que achega, para o caso de que o órgano convocante esixa a súa presentación/exhibición.

No caso de non resultar premiado manifesta o seu dereito a permanecer no anonimato de acordo co sinalado na base 11.

- SÍ
- NON

_____ a ____ de _____ de 2016

Asinado



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

**ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Expte.: 1046/400

Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello de Vigo.

DATOS DO CONCURSANTE

Nome: _____ Apelidos: _____

DNI: _____ Teléfono: _____ Fax: _____

Correo electrónico: _____

Dirección a efectos de notificacións: _____

(en caso de actuar en representación)

Representado:

Nome ou razón social:.....

NIF:..... Teléfono:..... Fax:.....

Correo electrónico:.....

Domicilio a efectos de notificacións:.....

Cargo que ocupa o representante:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que en relación co **Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello de Vigo**, poseo plena capacidade de obrar e non estou incurso en causa de prohibición para contratar coa Administración e, en concreto:

- Que nin o asinante desta declaración nin a entidade á que representa, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incursos en soposto ningún dos referidos no artigo 60 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Que non está incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación de incompatibilidades dos altos cargos e persoal ao servizo das administracións públicas e que coñece que a concorrencia de calquera das circunstancias previstas na base 5 suporá a súa exclusión do concurso.
- Que coñezo o prego de bases do concurso e o acepto incondicionalmente.

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración pública que sexan necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

_____ a ____ de _____ de 2016

Asinado





CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

**ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE
INSCRIPCIÓN E NON VARIACIÓN**

Expte.: 1046/400

Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello de Vigo.

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apelidos: _____

NIF: _____

Teléfono: _____ Fax: _____

Correo electrónico: _____

Dirección a efectos de notificacións: _____

(en caso de actuar en representación)

Representado:

Nome ou razón social:.....

NIF:..... Teléfono:..... Fax:.....

Correo electrónico:.....

Domicilio a efectos de notificacións:.....

Cargo que ocupa o representante:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade se encontra inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda) e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado**
(nº _____)
- Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia**
(nº _____)

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que sexan necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

_____ a ____ de _____ de 2016
Asinado



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ANEXO IV
PROPOSTA DE MEMBRO DO XURADO

Expte.: 1046/400

Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello de Vigo.

SOBRE C: PROPOSTA DE MEMBRO DO XURADO

De acordo co establecido no prego de bases para a convocatoria do **Concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello de Vigo**, propon como membro do xurado a:

Don/Dona _____

Titulación/profesión: _____

Importante: non asinar nin identificar esta folla con datos que impidan preservar o anonimato do concursante. O incumprimento desta norma dará lugar á exclusión da proposta.



